

LUGAR ONDE VOU, O



ARAGUAS, VICENTE

SINOPSIS

Ten O lugar onde vou, libro de relatos de Vicente Araguas, a peculiaridade de presentar variantes sobre unha realidade posible e outra máis que improbable. Desta maneira, fala de medo, e de bares onde, ao non pasar nada, pasa de todo, de casas grandes que ven, sen poder facer nada, como as mulleres se descolgan dos cadros, de parellas dispaes en idade que falan de raíñas consumidoras compulsivas de arroz con leite.

Araguas bota a andar unha pluma que ten cousas de corazón tan desbocado como o dos cómplices dunha editora "indie" desbordados pola chea de libros de poemas que reciben, ou da estatua inca que vinga o seu posuidor dos arrebatos celosos da súa amada; hai gatos que falan e cans que bolen na neve e mancos que escriben con idéntica pericia á do Caldeireiro, urbanista anglófilo na Nebia de 1866.

Un festival de maneiras de querer, de ir mirando como a vida acontece, de realismos extracorpóreos e de corpos que liscan alén da realidade, o deste libro de relatos, que fai debutar o autor en Editorial Galaxia....



Editorial	EDITORIAL GALAXIA S.A.
Materia	FICCIÓN MODERNA E CONTEMPORÁNEA
Colección	LITERARIA
EAN	9788491519096
Estado	Dispoñible
Encuadernación	Tapa blanda
Páginas	168
Tamaño	210x135x0 mm.
Peso	1
Precio (Imp. inc.)	17,60€
Fecha de lanzamento	20/07/2022

Títulos relacionados

